

CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 47/142

Orzamento: 2018

Expediente N.º: 47/142

Asunto: Aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento

Procedemento: Aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento

Data de iniciación do expediente: 7 de agosto de 2017

#### PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA DE ORZAMENTOS E FACENDA

De acordo co ordenado mediante Providencia de Alcaldía-Presidencia de 5 de setembro de 2017, e en execución das competencias delegadas en materia de Orzamentos e Facenda por Resolución de 19 de xullo de 2015, fórmulase proposta de aprobación das Liña Fundamentais do Orzamento para o ano 2018.

##### *Antecedentes de feito*

**PRIMEIRO.** Aprobación dos obxectivos de regras fiscais de Estabilidade orzamentaria, Regra de Gastos e endebedamento.

Consello de Ministros, sesión do 7 de xullo de 2017.

Congreso dos Diputados, Pleno do 11 de xullo de 2017.

Senado, Pleno do 12 de xullo de 2017.

**SEGUNDO.** Con data 7 de agosto de 2017, creouse o expediente e iniciouse procedemento para a aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento para o ano 2018.


**TERCEIRO.** Elaboráronse as preceptivas directrices para a formación das Liñas Fundamentais do Orzamento

**CUARTO.** Pola Intervención e polo responsable superior contable e orzamentario emitiuse informe ao respecto, previo cálculo segundo as directrices do Orzamento previsto en termos aproximados para o ano 2018, que será enviado ao Ministerio de Economía e Función Pública.

##### *Lexislación aplicable*

A Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros.





CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 47/142

O artigo 27 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Os artigos 4, 5, 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de conformidade co establecido no artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fórmulase a seguinte proposta de Resolución:

*Proposta de Resolución*

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2018.

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda e Función Pública polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda

Jaime Aneiros Pereira

